

PUBLICACIÓN ANUAL DE  
ARTESANÍA DE GALICIA

ANNUAL PUBLICATION FROM  
ARTESANÍA DE GALICIA

XUÑO / JUNIO  
JUNE / 2021

# OBRADOIRO

## DE ARTESANÍA

XUNTA DE GALICIA

Nº **19**



# ARTESANÍA NUN CLICK

Vestido / Dress  
lacanalla.es

Sombreiro / Sombrero / Hat  
felixdemartin.com

ARTESANÍA  
DE GALICIA







ARTESANÍA  
DE GALICIA



ARTESANÍA NUN CLICK

Pendientes / Pendientes / Earrings  
milnacolella.com

Edición  
Xunta de Galicia  
Vicepresidencia segunda e Consellería  
de Economía, Empresa e Innovación

Fundación Pública Artesanía de Galicia  
L25MN Área Central  
15707 Santiago de Compostela

Tel. +34 881 999 171 Fax +34 881 999 170

centro.artesania@xunta.gal  
artesaniadegalicia.xunta.gal

f fcgadpage  
t @fun\_artesania  
i artesania\_de\_galicia  
p fcgad

Coordinación  
Fundación Pública Artesanía de Galicia

Redacción  
María Guerreiro

Fotografía  
Eduardo Armada, César Martínez, Peter Schneider,  
Miguel Vidal, Lorena Grandío, Lola Palmer, Juan Jerez,  
Ana Paes, Tamara de la Fuente, arquivo Fundación  
Pública Artesanía de Galicia e contribución dos  
artesáns e artesás.

Tradución  
María Guerreiro, Vanesa Varela

Maquetación  
DARDO | info@dardo.gal

D.L. C-4788-2008  
ISSN 2529-9468



# Sumario

**4** Saúda Francisco Conde López. Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación  
Saluda Welcome

**8** Entrevista Manuel Heredia Pérez. Director xeral de Comercio e Consumo  
Interview

**14** Premios Artesanía de Galicia 2020 Artesanía de Galicia Awards 2020

**24** Traxandaina. Os tesouros da nosa vestimenta Los tesoros de nuestra vestimenta  
The treasures of our clothing



**34** Ricardo Rivas. Mestre do acibeche Maestro del azabache  
Jet master

**44** Fernando Gallego. Xoias contemporáneas con séculos de historia Joyas contemporáneas con siglos de historia  
Contemporary jewellery with centuries of history



**54** A escultura téxtil de Mercedes Vicente The textile sculptures of Mercedes Vicente

**64** Rosa Méndez. Pureza formal Formal purity



**74** Calzados Losal. Cinco xeracións elaborando zapatos artesanais Cinco generaciones elaborando zapatos artesanales  
Five generations making handcrafted shoes

**82** Astilleros Fra. Madeira para navegar Madera para navegar Wood for sailing


**90** Branqueta. A celebración da mesa La celebración de la mesa Celebrating the table



**100** #Enredadas

**106** Novos aires na nosa artesanía Nuevos aires en nuestra artesanía Winds of change in our craftsmanship

**108** Sara Lage. Noivas de alta costura Novias de alta costura Haute couture brides



**112** Alberto Taboada. Experiencias de xoiería no rural Experiencias de joyería en el rural Jewellery experiences from the countryside

**116** A Factoría Atelier. Decoración sostible e consumo consciente Decoración sostenible y consumo consciente Decorative, sustainable restoration and conscious consumption



**120** Pedra Stone Design Projects. Cantería de autor Signature stonework

**124** Xiana Cobo. A reivindicación da ilustración téxtil La reivindicación de la ilustración textil The vindication of textile illustration



# Saúda

Francisco Conde López. Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación



**“A artesanía é un sector resiliente porque a súa materia prima é o talento”**

Este novo número de *Obradoiro de Artesanía* chega nun momento no que o sector está a demostrar a súa enorme capacidade de adaptación e o seu alto nivel desde o punto de vista da calidade artística, do oficio, pero tamén desde a súa dimensión económica, porque está estreitamente relacionado co desenvolvemento local, coa cohesión do territorio, coa sustentabilidade e coa economía circular.

O 2020 foi o ano no que o sector tivo que dar o salto definitivo á comercialización en liña e a novos modelos de xestión e de venda. A presenza na rede deixou de ser un futuro inmediato para converterse de golpe no presente da totalidade do sector e desde o primeiro momento estivemos acompañando os artesáns nesa aposta polo dixital a través de diferentes liñas de axuda e iniciativas de formación.

Na última parte do ano pasado, a Fundación Artesanía de Galicia introduciu a modalidade *online* na súa proposta formativa, ademais de potenciar os contidos relacionados coa presenza dixital e a difusión e a comercialización en liña, co obxectivo de acompañar

o sector artesán galego na súa adaptación ás novas fórmulas de comercialización derivadas da COVID-19.

A artesanía é un sector resiliente porque a súa materia prima é o talento. Desde o inicio da pandemia, está a amosar a súa capacidade para lle facer fronte a unha situación extremadamente complicada, a través da creatividade, a innovación, o deseño e o oficio. O ano pasado puidemos celebrar —adaptados ás necesarias medidas sanitarias— os nosos Premios Artesanía de Galicia, onde recoñecemos o esforzo creativo e a xenialidade artística do noso sector artesán, apoiámos as novas xeracións e homenaxeamos a traxectoria dos nosos mellores profesionais.

Deste xeito, incluímos neste número, como xa é habitual, unha reportaxe sobre o obradoiro Traxandaina, Premio Artesanía de Galicia 2020, coa proxección dunha peza do noso traxe tradicional nunha prenda de abrigo contemporánea, así como outra sección dedicada á traxectoria profesional do ourive compostelán Ricardo Rivas Casal, Premio Traxectoria 2020. A Bolsa Eloy Gesto 2020 premiou a prometedora carreira como ceramista

## Saluda

Francisco Conde López. Vicepresidente segundo y conselleiro de Economía, Empresa e Innovación

Este nuevo número de *Obradoiro de Artesanía* llega en un momento en el que el sector está demostrando su enorme capacidad de adaptación y su alto nivel desde el punto de vista de la calidad artística, el oficio, y también desde su dimensión económica, porque está estrechamente relacionado con el desarrollo local, la cohesión del territorio, la sostenibilidad y la economía circular.

El 2020 fue el año en el que el sector tuvo que dar el salto definitivo a la comercialización en línea y a nuevos modelos de gestión y venta. La presencia en la red dejó de ser un futuro inmediato para convertirse de golpe en el presente de la totalidad del sector y desde el primer momento hemos estado acompañando a los artesanos en esa apuesta por lo digital a través de diferentes líneas de ayudas e iniciativas de formación.

En la última parte del año pasado, la Fundación Artesanía de Galicia introdujo la modalidad *online* en su propuesta formativa, además de potenciar los contenidos relacionados con la presencia digital y la difusión y comercialización en línea, con el objetivo de acompañar al sector artesano gallego en su adaptación a las nuevas fórmulas de comercialización derivadas de la COVID-19.

La artesanía es un sector resiliente porque su materia prima es el talento. Desde el inicio de la pandemia, está demostrando su capacidad para hacer frente a una situación extremadamente complicada, a través de la creatividad, la innovación, el diseño y el oficio. El año pasado pudimos celebrar —adaptados a las necesarias medidas sanitarias— nuestros Premios Artesanía de Galicia, donde reconocemos el esfuerzo creativo y la genialidad artística de nuestro sector artesano, apoyamos a las nuevas generaciones y homenajeamos la trayectoria de nuestros mejores profesionales.

De este modo, incluimos en este número, como ya es habitual, un reportaje sobre el taller Traxandaina, Premio Artesanía de Galicia 2020, con la proyección de una pieza de nuestro traje tradicional en una prenda de abrigo contemporánea, así como otra sección dedicada a la trayectoria profesional del orfebre compostelano Ricardo Rivas Casal, Premio Trayectoria 2020. La Bolsa Eloy Gesto 2020 premió la prometedora carrera como ceramista de Loira Pérez Pérez, del taller Raposiñas. Cerámica feita de vagar.

En cada número de *Obradoiro de Artesanía* pretendemos reflejar la riqueza de nuestro sector artesano, en el que conviven diferentes actividades y perfiles también muy diversos dentro de una misma especialidad, oficios tradicionales como es el caso de Astilleros Fra, única carpintería de ribera inscrita de la provincia de Lugo; o Pedra Stone Design, un taller de cantería impulsado por uno de nuestros talentos más jóvenes, que asegura el relevo generacional en este oficio; el taller de Mercedes Vicente, conocida por sus esculturas textiles; o la cerámica del taller Branqueta.

## Welcome

Francisco Conde López. Second Vicepresident and Regional Minister of Economy, Business and Innovation

This new issue of *Obradoiro de Artesanía* comes at a time in which the sector is proving its enormous ability to adapt. It continues to demonstrate its high levels of artistic quality, craftsmanship, and economic dimension; because it is closely related to local development, territorial cohesion, sustainability and a circular economy.

It was in 2020 that the sector had to make the leap to online marketing and introduce new management and sales models. Online presence rapidly transformed from being an immediate future to becoming an immediate present of the entire sector. From the very first moment, we have been aiding artisans in this evolution into digitalisation through various lines of support and training initiatives.

At the end of last year, Fundación Artesanía de Galicia introduced online learning to its training repertoire. Additionally, it has also promoted content related to digital presence and online promotion and marketing, with the aim of assisting the Galician artisan sector in its adaptation to the new marketing formulas derived from COVID-19.

Craftsmanship is a resilient sector because its raw material is talent. Right from the start of the pandemic, the sector has proved its ability to cope with an extremely complicated situation, thanks to creativity, innovation, design and trade. Last year we were able to hold — with the necessary health measures in place — our Artesanía de Galicia Awards, in which we acknowledge the creative effort and artistic genius of our artisan sector, support new generations and pay tribute to the careers of our best professionals.

As usual, this new issue includes a report on the 2020 Artesanía de Galicia Award winner. The Traxandaina workshop won with their reproduction of a piece of our traditional costume in a contemporary garment. Another section of the magazine features the professional career of Santiago de Compostela goldsmith Ricardo Rivas Casal, winner of the 2020 Career Award. The 2020 Eloy Gesto Scholarship Award recognised the promising ceramist career of Loira Pérez Pérez, from the *Raposiñas. Cerámica feita de vagar* workshop.

In each issue of *Obradoiro de Artesanía* we try to reflect the richness of our craft sector, in which there are different activities and extremely diverse profiles within the same speciality. This year we showcase traditional trades, including Astilleros Fra, the only registered shipwright's workshop in the province of Lugo. Also presented is Pedra Stone Design, a stonemason workshop driven by one of our youngest talents, that assures the generational relay in this trade. You can also read about Mercedes Vicente's workshop, known for her textile sculptures; and the ceramics from Branqueta's workshop.





de Loira Pérez Pérez, do obradoiro Raposiñas. Cerámica feita de vagar.

En cada número de *Obradoiro de Artesanía* pretendemos reflectir a riqueza do noso sector artesán, no que conviven diferentes actividades e perfís tamén moi diversos dentro dunha mesma especialidade, oficios tradicionais como é o caso de Astilleros Fra, única carpintería de ribeira inscrita da provincia de Lugo; ou Pedra Stone Design, un obradoiro de cantería impulsado por un dos nosos talentos máis novos, que asegura o relevo xeracional neste oficio; o obradoiro de Mercedes Vicente, coñecida polas súas esculturas téxtiles; ou a cerámica do obradoiro Branqueta.

A xoiaría está representada ademais por Fernando Gallego, cunha ampla traxectoria profesional e cunha valiosa experiencia na comercialización *online* das súas pezas, así como por Alberto Taboada, outro dos novos talentos da marca, que impulsa desde o rural ourensán un modelo de negocio estreitamente relacionado coa propia divulgación e posta en valor do seu oficio. Tamén na parte das novas incorporacións á Artesanía de Galicia referenciamos o traballo de Factoría Atelier, un obradoiro de restauración de mobiliario e de obxectos de decoración; do obradoiro de ilustración e estampación téxtil de Xiana Cobo;

e do taller de deseño e elaboración de traxes de noiva de Sara Lage.

Complementa os contidos desta nova edición de *Obradoiro de Artesanía* unha reportaxe sobre Enredadas, un proxecto de boas prácticas da Xunta de Galicia enfocado a diversificar o labor das redeiras artesás galegas, que lles permite abrir novas oportunidades de negocio a través doutros ámbitos como a moda, os complementos e a decoración.

A profesionalización da artesanía galega ten xerado un fértil cambio xeracional, captando talento entre os máis novos e dando paso a unha nova forma de interpretar os oficios baseada na experimentación e na innovación.

A riqueza que xera a artesanía vai máis alá da economía. É unha riqueza do noso patrimonio cultural, da transmisión de valores e da creación da nosa identidade colectiva. Desde a Xunta de Galicia somos conscientes da importancia da nosa artesanía e da situación tan nova e complicada que nos está tocando vivir. Por iso seguimos apostando pola súa competitividade, fomentando unha infraestrutura especializada, favorecendo a promoción dos produtos e a mellora da súa comercialización, incentivando o talento e a formación e consolidando a marca Artesanía de Galicia.

## “La artesanía es un sector resiliente porque su materia prima es el talento”

La joyería está representada además por Fernando Gallego, con una amplia trayectoria y una valiosa experiencia en la comercialización online de sus piezas, así como por Alberto Taboada, otro de los jóvenes talentos de la marca, que impulsa desde el rural ourensano un modelo de negocio estrechamente relacionado con la propia divulgación y puesta en valor de su oficio. También en la parte de las nuevas incorporaciones a la Artesanía de Galicia referenciamos el trabajo de Factoría Atelier, un taller de restauración de mobiliario y objetos de decoración; el taller de ilustración y estampación textil de Xiana Cobo; y el taller de diseño y elaboración de trajes de novia de Sara Lage.

Complementa los contenidos de esta nueva edición de *Obradoiro de Artesanía* un reportaje sobre Enredadas, un proyecto de buenas prácticas de la Xunta de Galicia enfocado a diversificar la labor de las rederas artesanas gallegas, que les permite abrir nuevas oportunidades de negocio a través de otros ámbitos como la moda, los complementos y la decoración.

La profesionalización de la artesanía gallega ha generado un fértil cambio generacional, captando talento entre los más jóvenes y dando paso a una nueva forma de interpretar los oficios basada en la experimentación y la innovación.

La riqueza que genera la artesanía va más allá de la economía. Es una riqueza de nuestro patrimonio cultural, la transmisión de valores y la creación de nuestra identidad colectiva. Desde la Xunta de Galicia somos conscientes de la importancia de nuestra artesanía y de la situación tan nueva y complicada que nos está tocando vivir. Por eso seguimos apostando por su competitividad, fomentando una infraestructura especializada, favoreciendo la promoción de los productos y la mejora de su comercialización, incentivando el talento y la formación y consolidando la marca Artesanía de Galicia.

## “Craftsmanship is a resilient sector because its raw material is talent”

Jewellery is also represented by Fernando Gallego, who has an extended career and valuable experience in the online marketing of his pieces. Another of the young talents of the brand is Alberto Taboada, who promotes a business model closely related to the dissemination and enhancement of his trade from the rural areas of Ourense. Also, as part of the new incorporations to the Artesanía de Galicia brand, we profile the talents of: Factoría Atelier, a furniture and decorative objects restoration workshop, Xiana Cobo's illustration and textile printing workshop, and Sara Lage's workshop and her design and production of bridal gowns.

This latest issue of *Obradoiro de Artesanía* also includes a report on the Enredadas project, a best practice project run by Xunta de Galicia aimed at diversifying the work of Galician net weavers. This has allowed these craftswomen to open up new business opportunities in areas such as fashion, accessories, and decoration.

The professionalization of Galician craftsmanship has generated a fertile generational change, attracting talent among the youngest and giving way to a new way of interpreting the trades based on experimentation and innovation.

The wealth generated by crafts goes beyond the economic dimension. It is a valuable part of our cultural heritage, the passing on of its values and the creation of our collective identity. We at Xunta de Galicia are aware of the importance of our crafts and of the new and complicated circumstances in which we find ourselves. That is why we continue supporting its competitiveness, promoting a specialised infrastructure, encouraging the promotion of products while improving their distribution, providing incentives for talent and training, and the consolidation of the Artesanía de Galicia brand.







**“A dixitalización é unha ferramenta imprescindible para os artesáns como complemento a formatos de comercialización máis tradicionais”**

# Entrevista a Manuel Heredia Pérez

**Director xeral de Comercio e Consumo**

**A situación motivada pola pandemia modificou os parámetros habituais de relacionarnos, de traballar, de consumir. Conceptos como a produción sostible, o consumo consciente, o valor do local ou a economía circular cobran máis sentido ca nunca. A artesanía é unha das actividades con maior capacidade de adaptación a este cambio de escenario. Falamos con Manuel Heredia Pérez, director xeral de Comercio e Consumo sobre o sector artesán galego.**

A artesanía non ofrece un ben de consumo ao uso senón pezas, experiencias ou servizos que contan unha historia. A de quen a elabora pero tamén a de quen a consume. Un dos elementos inherentes á artesanía é a vinculación á cultura, ao oficio —moitas veces tradicional— e ao territorio, pero por outra banda a artesanía é tamén unha das actividades que mellor encaixan nas tendencias actuais. A produción consciente, personalizada, sen apurar os tempos, os ritmos que veñen marcados moitas veces polos materiais... enmárcase todo dentro desa corrente do *slowmade*, do facer a modo, de forma consciente, sostible e responsable que está tamén moi vinculada a outra forma de consumo e a outro xeito de relacionarnos co planeta. A propia artesanía é unha actividade sostible en si mesma, pero ademais hoxe en día contamos en Galicia con obradoiros que están buscando dar un paso máis e facer do sostible un sinal de identidade dos seus proxectos.

## **Que papel xoga a marca Artesanía de Galicia?**

Artesanía de Galicia segue a funcionar como un identificador do produto feito á man vinculado ao noso territorio pero vai moito máis alá. O que transmite hoxe en día a marca Galicia supera ese concepto inicial dos profesionais vinculados a unha zona xeográfica. Significa calidade, innovación, sustentabilidade e talento, e a nosa artesanía conxuga perfectamente o oficio máis tradicional coa creación de vangarda, ás veces incluso dentro dun mesmo obradoiro. A nosa marca está a contar cun grande recoñecemento nos últimos anos, e está tendo unha forte presenza no ámbito nacional como un dos referentes da artesanía que se fai en España.

A Artesanía de Galicia está a atopar un mercado que non só valora o feito á man senón que o busca.

Por outro lado, a percepción deste tipo de oficios está cambiando tamén entre a sociedade, os consumidores valoran máis este tipo de produtos e os propios profesionais están a ver máis recoñecido o seu traballo.

Para isto son clave iniciativas de divulgación de oficios para achegarlle a artesanía á sociedade e, sobre todo, aos máis pequenos. Demostracións, xornadas de portas abertas e talleres para nenos e para familias, son fundamentais para que o público entenda e valore dun xeito máis axustado á realidade todo o que implica a artesanía. E isto contribúe tamén a fomentar o relevo xeracional que dende a Administración estamos a impulsar a través de diferentes vías de apoio, con especial coidado no que se refire aos nosos oficios máis tradicionais. Agora estamos vendo xa novas xeracións de profesionais que ven na artesanía unha saída laboral e que enriquecen o noso tecido artesanal con novas competencias e disciplinas, formación, visións e modelos de negocio, ademais de innovación a todos os niveis.

**Nos últimos anos estamos a ver importantes sinerxías da Artesanía de Galicia con outros sectores como a arquitectura, a decoración, a gastronomía ou a moda.**

Efectivamente, a interacción da artesanía con diferentes disciplinas incrementouse nos últimos anos, especialmente a partir do 2020, nos que xurdiron importantes proxectos colaborativos con sectores moi diversos que están abrindo novas vías de comercialización para os nosos artesáns.

Bos exemplos son as accións que fomentan a diversificación de oficios tradicionais, como o proxecto ENREDADAS, co colectivo das redeiras, e a colaboración con outras disciplinas, como a gastronomía no caso de *Artesanía no Prato*. Este tipo de accións estanse a consolidar como un modelo de promoción que permite aproveitar as sinerxías con diferentes sectores favorecendo a apertura de novas vías de negocio, así como a creación de novos contactos que serven de xermolo para proxectos futuros e para o establecemento de relacións comerciais sólidas con novos sectores.



## Entrevista a Manuel Heredia Pérez

**Director xeral de Comercio e Consumo**

La situación motivada por la pandemia ha modificado los parámetros habituales de relacionarnos, trabajar, consumir. Conceptos como la producción sostenible, el consumo consciente, el valor de lo local o la economía circular cobran más sentido que nunca. La artesanía es una de las actividades con mayor capacidad de adaptación a este cambio de escenario. Hablamos con Manuel Heredia Pérez, director xeral de Comercio e Consumo sobre el sector artesano gallego.

La artesanía no ofrece un bien de consumo al uso sino piezas, experiencias o servicios que cuentan una historia. La de quien la elabora pero también la de quien la consume. Uno de los elementos inherentes a la artesanía es la vinculación a la cultura, al oficio —muchas veces tradicional— y al territorio, pero por otro lado la artesanía es también una de las actividades que mejor encajan en las tendencias actuales. La producción consciente, personalizada, sin apurar los tiempos, los ritmos que vienen marcados muchas veces por los materiales... se enmarca todo dentro de esa corriente del *slowmade*, del hacer despacio, de forma consciente, sostenible y responsable que está también muy vinculada a otra forma de consumo y otro modo de relacionarnos con el planeta. La propia artesanía es una actividad sostenible en sí misma, pero además hoy en día contamos en Galicia con talleres que están buscando dar un paso más y hacer de lo sostenible una seña de identidad de sus proyectos.

### ¿Qué papel juega la marca Artesanía de Galicia?

Artesanía de Galicia sigue funcionando como un identificador del producto hecho a mano vinculado a nuestro territorio pero va mucho más allá. Lo que transmite hoy en día la marca Galicia supera ese concepto inicial de los profesionales vinculados a una zona geográfica. Significa calidad, innovación, sostenibilidad y talento, y nuestra artesanía conjuga perfectamente el oficio más tradicional con la creación de vanguardia, a veces incluso dentro de un mismo taller. Nuestra marca cuenta con un gran reconocimiento en los últimos años, y está teniendo una fuerte presencia en el ámbito nacional como uno de los referentes de la artesanía que se hace en España.

La Artesanía de Galicia está encontrando un mercado que no sólo valora lo hecho a mano sino que lo busca. Por otro lado, la percepción de este tipo de oficios está cambiando también entre la sociedad, los

## Interview with Manuel Heredia Pérez

**General Director of Commerce & Consume**

As a result of the pandemic, the situation has changed the usual settings in which we interact with each other, work and consume. Concepts such as sustainable production, conscious consumption, valuing local products and the circular economy make more sense than ever. Crafts are one of the activities with the greatest potential to adapt to this change of scenario. We spoke to Manuel Heredia Pérez, General Director of Commerce & Consume, about the Galician craft sector.

Artisanal products do not offer a commodity, but rather pieces, experiences or services that tell a story. Not only the story of the person who makes the product, but also that of the person who consumes it. Some of the inherent elements of craftsmanship are its links to culture, to the craft — often traditional — and to the territory. But craftsmanship is also one of those activities that best fits in with current trends: Conscious and customised production, without rushing the times, creating at a pace that is often marked by the materials. All of this falls within the framework of the *slowmade* trend, of making things with patience and care, in a conscious, sustainable and responsible way, which is also closely linked to another form of consumption and another way of relating to our planet. Craftsmanship is a sustainable activity in itself, but nowadays in Galicia we also have workshops that are looking to go a step further and make sustainability a hallmark of their projects.

### What role does the Artesanía de Galicia brand play?

The Artesanía de Galicia brand continues to serve as an identifier of the handmade products linked to our territory, but it goes much further than that. What the Galicia brand conveys today exceeds the initial concept of professionals linked to a geographical area. It implies quality, innovation, sustainability and talent, and our craftsmanship perfectly combines the most traditional craft with avant-garde creation, sometimes even within the same workshop. Our brand has gained great recognition in recent years, and has been gaining a strong presence on a national level as one of the benchmarks for craftsmanship made in Spain.

Artesanía de Galicia is finding a market that not only values handmade products, but also seeks them out. Public appreciation of these crafts is also changing. Consumers value these types of products more and professionals themselves are seeing greater recognition of their work. To this end, initiatives for the

**O contexto actual provocado pola situación sanitaria está a requirir unha adaptación urxente do sector artesán galego que debe buscar novas vías de comercialización e asumir novos hábitos de consumo. Como se está a apoiar dende a Xunta de Galicia esta transición?**

A situación actual provoca cambios na concepción de novos camiños de comercialización e cara aí temos que dirixir os nosos esforzos dende as administracións públicas con axudas que convocamos anualmente para impulsar este tipo de actuacións. Temos que acompañar o sector na súa adaptación a este novo contexto, reformulando os sistemas tradicionais de comercialización e estudando alternativas. É necesario continuar impulsando accións de promoción comercial e de acceso a canles de venda innovadoras, tanto nacionais como internacionais, e apoiar o axuste dos nosos artesáns aos novos hábitos de consumo xerados desta situación.

### Cal é o papel da dixitalización neste proceso de adaptación?

A dixitalización é unha ferramenta imprescindible para os artesáns e para o comercio de proximidade. Aos artesáns permítelles chegar a unha grande cantidade de público sen ter que deixar os seus talleres e, se contan cos coñecementos necesarios, poden mesmo seleccionar o tipo de público ao que lles interesa dirixirse e falarlle directamente.

O comercio electrónico, as redes sociais e a presenza dixital en xeral son na actualidade ferramentas vitais que deben complementar as vendas físicas,

a asistencias a feira ou calquera outro formato de comercialización neste momento.

Dende a Xunta de Galicia apostamos por esta formación e dende o 2020 puxemos en marcha a través da Fundación Artesanía de Galicia, o programa *Achega dixital*, centrado na mellora da súa presenza dixital e das súas ferramentas de márketing, venda e de comunicación co cliente, a través de redes sociais, publicidade ou actividades específicas para ter unha maior presenza dixital, así como actividades relacionadas coa xestión empresarial dos seus proxectos. Normalmente son sesións teóricas en grupo e despois os alumnos teñen acceso a unha titoría personalizada para falar do seu caso concreto. A experiencia está tendo moi boa acollida e estamos facendo novas edicións destes cursos de formación para que o poida aproveitar o maior número posible de empresas artesás.

### O Xacobeo 2021-22 chega nun momento complicado para o turismo. Como lle afecta esta situación á artesanía en Galicia?

Como ocurría coa comercialización, creo que temos que aproveitar a situación para vincular a artesanía a un novo xeito de facer turismo, no que se busque coñecer realmente o territorio, máis alá da paisaxe. Traspasar as fronteiras da foto típica e mirar no interior da sociedade que habitou eses lugares e tamén na que os habita agora. En Galicia contamos con zonas vinculadas estreitamente aos seus oficios artesanais e tamén podemos entender os lugares que visitamos a través dos seus creadores máis contemporáneos. Temos que potenciar máis este tipo de visitante experiencial, que dedica máis tempo a cada zona que quere coñecer, inviste máis, implícase e conecta doutra maneira co territorio.





consumidores valoran más este tipo de productos y los propios profesionales están viendo más reconocido su trabajo. Para esto son clave iniciativas de divulgación de oficios para acercar la artesanía a la sociedad y, sobre todo a los más pequeños. Demostraciones, jornadas de puertas abiertas y talleres para niños y familias, son fundamentales para que el público entienda y valore de una forma más ajustada a la realidad todo lo que implica la artesanía. Y esto contribuye también a fomentar el relevo generacional, que desde la Administración impulsamos a través de diferentes vías de apoyo, con especial cuidado en lo que se refiere a nuestros oficios más tradicionales. Ahora estamos viendo ya nuevas generaciones de profesionales que ven en la artesanía una salida laboral y enriquecen nuestro tejido artesanal con nuevas competencias y disciplinas, formación, visiones y modelos de negocio, además de innovación a todos los niveles.

**En los últimos años estamos viendo importantes sinergias de la Artesanía de Galicia con otros sectores como la arquitectura, la decoración, la gastronomía o la moda.**

Efectivamente, la interacción de la artesanía con diferentes disciplinas se ha incrementado en los últimos años, especialmente a partir de 2020, en los que han surgido importantes proyectos colaborativos con sectores muy diversos que están abriendo nuevas vías de comercialización para nuestros artesanos.

Buenos ejemplos son las acciones que fomentan la diversificación de oficios tradicionales, como el proyecto ENREDADAS, con el colectivo de las rederas, y la colaboración con otras disciplinas, como la gastronomía en el caso de *Artesanía no Prato*. Este tipo de acciones se están consolidando como un modelo de promoción que permite aprovechar las sinergias con diferentes sectores favoreciendo la apertura de nuevas vías de negocio, así como la creación de nuevos contactos, como cimiento para proyectos futuros y para el establecimiento de relaciones comerciales sólidas con nuevos sectores.

**El contexto actual provocado por la situación sanitaria requiere una adaptación urgente del sector artesano gallego que debe buscar nuevas vías de comercialización y asumir nuevos hábitos de consumo. ¿Cómo se apoya desde la Xunta de Galicia esta transición?**

La situación actual provoca cambios en la concepción de nuevos caminos de comercialización y hacia ahí tenemos que dirigir nuestros esfuerzos desde las administraciones públicas con ayudas que convocamos anualmente para impulsar este tipo de actuaciones. Tenemos que acompañar al sector en su adaptación a este nuevo contexto, reformulando los sistemas tradicionales de comercialización y estudiando alternativas. Es necesario continuar impulsando acciones de promoción comercial y de acceso a canales de venta innovadores, tanto nacionales como internacionales, y apoyar el ajuste de nuestros artesanos a los nuevos hábitos de consumo generados de esta situación.

dissemination of crafts are key to bringing crafts closer to society and, above all, to the younger generations. Exhibitions, open days and workshops for children and families are fundamental for the public to understand and value in a more realistic way all that craftsmanship involves. This also encourages generational relay, which we, the regional government, promote through different means of support, with special attention to our most traditional trades. We are now seeing new generations of professionals who view crafts as a job opportunity and are enriching our craft network with new skills and disciplines, training, visions and business models, as well as innovation at all levels.

**In recent years, we have seen important synergies between Artesanía de Galicia and other sectors such as architecture, decoration, gastronomy and fashion.**

Indeed. The interaction of crafts with different disciplines has increased in recent years, especially since 2020, when important collaborative projects have arisen with incredibly diverse sectors that are opening up new marketing channels for our craftspeople.

Some great examples of this are the actions that promote the diversification of traditional trades, such as the ENREDADAS project, with the collective of net weavers. It is also seen in the collaboration with other disciplines, such as gastronomy in the case of the *Artesanía no Prato* project. These strategies are increasingly becoming consolidated as a promotional model that allows synergies with different sectors to be exploited, favouring the opening of new business channels. It also facilitates the creation of new contacts as a foundation for future projects and the establishment of solid commercial relations with new sectors.

**The current circumstances caused by the health situation require an urgent adaptation of the Galician artisan sector, which must seek new marketing channels and adopt new consumer habits. How does the Xunta de Galicia support this transition?**

The current situation is triggering the creation of new marketing channels and that is where we must direct our efforts from the public authorities, with the aid that we call for each year to promote this type of action. It is necessary to assist the sector in adapting to this new context, reformulating traditional marketing systems and exploring alternatives. We need to continue to encourage commercial promotion and access to new sales channels, both nationally and internationally, and to support the adaptation of our artisans to the new consumption habits that have arisen as a result of this situation.

**What is the role of digitalisation in this adaptation process?**

Digitalisation is an essential tool for artisans and local trade. It allows artisans to reach a large number of people without having to leave their workshops. And, if they have the necessary knowledge, they can

**¿Cuál es el papel de la digitalización en este proceso de adaptación?**

La digitalización es una herramienta imprescindible para los artesanos y el comercio de proximidad. A los artesanos les permite llegar a gran cantidad de público sin tener que dejar sus talleres y, si cuentan con los conocimientos necesarios, pueden incluso seleccionar el tipo de público al que les interesa dirigirse y hablarle directamente.

El comercio electrónico, las redes sociales y la presencia digital en general son en la actualidad herramientas vitales que deben complementar a las ventas físicas, la asistencia a ferias o cualquier otro formato de comercialización en este momento.

**“La digitalización es una herramienta imprescindible para los artesanos como complemento a formatos de comercialización más tradicionales”**

Desde la Xunta de Galicia apostamos por esta formación y desde el 2020 hemos puesto en marcha a través de la Fundación Artesanía de Galicia, el programa *Achega dixital*, centrado en la mejora de su presencia digital y sus herramientas de *marketing*, venta y comunicación con el cliente, a través de redes sociales, publicidad o actividades específicas para tener una mayor presencia digital, así como actividades relacionadas con la gestión empresarial de sus proyectos. Normalmente son sesiones teóricas en grupo y luego los alumnos tienen acceso a una tutoría personalizada para hablar de su caso concreto. La experiencia está teniendo muy buena acogida y estamos haciendo nuevas ediciones de estos cursos de formación para que lo pueda aprovechar el mayor número posible de empresas artesanas.

**El Xacobeo 2021-22 llega en un momento complicado para el turismo. ¿Cómo afecta esta situación a la artesanía en Galicia?**

Como ocurría con la comercialización, creo que tenemos que aprovechar la situación para vincular la artesanía a un nuevo modo de hacer turismo, en el que se busque conocer realmente el territorio, más allá del paisaje. Traspasar las fronteras de la foto típica y mirar en el interior de la sociedad que ha habitado esos lugares y también en la que los habita ahora. En Galicia contamos con zonas vinculadas estrechamente a sus oficios artesanales y también podemos entender los lugares que visitamos a través de sus creadores más contemporáneos. Tenemos que potenciar más este tipo de visitante experiencial, que dedica más tiempo a cada zona que quiere conocer, invierte más, se implica de otra forma con el territorio.



**“Digitalisation is an essential tool for artisans as a complement to more traditional marketing formats”**

even select the type of public they are interested in addressing and speak directly to them.

E-commerce, social media and online presence in general are nowadays essential tools that should complement traditional physical sales, attendance at fairs, or any other marketing format at this point in time.

At Xunta de Galicia we are committed to this type of training and since 2020 we have launched, through the Fundación Artesanía de Galicia, the *Achega dixital* training programme. This is focused on improving online presence and marketing skills, increasing sales and customer communication tools — through social media, advertising or specific activities to have a greater digital presence, as well as activities related to the business management of projects. They are generally theoretical sessions in groups and then the students have access to a personalised mentoring session to discuss their particular scenario. The experience is being received extremely well and we are organising new editions of these training courses so that as many craft businesses as possible can take advantage of them.

**Xacobeo 2021-22 comes at a complicated time for tourism. How does this situation affect crafts in Galicia?**

As was the case with marketing, I think we have to take advantage of the situation to link craftsmanship to a new form of tourism, in which the aim is to really get to know the territory beyond the landscape. We need to go beyond the borders of the typical picture and look inside the society that has lived in those places and also in the society that lives there now. In Galicia we have areas closely linked to their craft trades and we can also understand the places we visit through their most modern creators. We need to promote this type of experience-based visitor, who spends more time in each area he or she intends to visit, invests more, and gets involved with the territory in a different way.





# Premios Artesanía de Galicia 2020

**“A través destes galardóns, a Xunta de Galicia busca visibilizar a mellora continua no labor dos artesáns galegos”**

O Hotel Monumento San Francisco (Santiago de Compostela) acolleu no mes de decembro de 2020 a celebración da entrega dos **Premios Artesanía de Galicia 2020**, nunha cerimonia atípica pero non por iso menos emotiva que as anteriores, que foi transmitida en streaming para o resto do sector. Desta volta a ilusión e a emoción tiveron que ser compartidas *online* pero púidose facer o recoñecemento á destreza artística, á creatividade, ao oficio e ao talento do sector artesán galego.

A través destes galardóns, a Xunta de Galicia busca visibilizar a mellora continua no labor dos artesáns galegos así como enxalzar os valores dun sector clave

da identidade colectiva de Galicia, que contribúe tamén a preservar o patrimonio cultural. Os Premios Artesanía de Galicia convócanse para contribuír a poñer en valor os nosos oficios artesáns, divulgar o traballo dos profesionais entre a sociedade; potenciar a creatividade; promover a captación do talento, facendo fincapé na incorporación dos artesáns máis novos a través do apoio á súa formación especializada; e a impulsar a remuda xeracional ao tempo que se aposta pola introdución da innovación e do deseño nos procesos de produción.

O acto estivo dirixido pola presentadora Belén Xestal, que foi dando a coñecer o fallo do xurado multidisciplinar, presidido polo director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia, e integrado por Frank Buschmann, do obradoiro Woodworks Buschmann Bella e gañador do Premio Artesanía de Galicia 2019; pola subdirectora xeral de Comercio, Marta López Quintás; polo director da EASD Mestre Mateo, Santiago Riande; pola directora da Galería Vilaseco da Coruña, Miriam Pérez; e pola deseñadora e fundadora da empresa de moda D-Due, Charo Froján. A xerente da Fundación Pública Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, actuou como secretaria do xurado, con voz pero sen voto.

## Premios Artesanía de Galicia 2020

**“A través de estos galardones, la Xunta de Galicia busca visibilizar la mejora continua en la labor de los artesanos gallegos”**

El Hotel Monumento San Francisco (Santiago de Compostela) acogió en el mes de diciembre de 2020 la celebración de la entrega de los **Premios Artesanía de Galicia 2020**, en una ceremonia atípica pero no por eso menos emotiva que las anteriores, que fue transmitida en streaming para el resto del sector. Esta vez la ilusión y la emoción tuvieron que ser compartidas *online* pero se pudo hacer el reconocimiento a la destreza artística, la creatividad, el oficio y el talento del sector artesano gallego.

A través de estos galardones, la Xunta de Galicia busca visibilizar la mejora continua en la labor de los artesanos gallegos así como ensalzar los valores de un sector clave de la identidad colectiva de Galicia, que contribuye también a preservar el patrimonio cultural. Los Premios Artesanía de Galicia se convocan para contribuir a poner en valor nuestros oficios artesanos, divulgar el trabajo de los profesionales entre la sociedad; potenciar la creatividad; promover la captación del talento, haciendo hincapié en la incorporación de los artesanos más jóvenes a través del apoyo a su formación especializada; y a impulsar el relevo generacional a la vez que se apuesta por la introducción de la innovación y el diseño en los procesos de producción.

El acto estuvo dirigido por la presentadora Belén Xestal, que dio a conocer el fallo del jurado multidisciplinar, presidido por el director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia, e integrado por Frank Buschmann, del taller Woodworks Buschmann Bella y ganador del Premio Artesanía de Galicia 2019; la subdirectora xeral de Comercio, Marta López Quintás; el director de la EASD Mestre Mateo, Santiago Riande; la directora de la Galería Vilaseco de A Coruña, Miriam Pérez; y la diseñadora y fundadora de la empresa de moda D-Due, Charo Froján. La gerente de la Fundación Pública Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, actuó como secretaria del jurado, con voz pero sin voto.

En primer lugar se dio a conocer la persona ganadora de la **Beca Eloy Gesto 2020**, dotada con diploma acreditativo y 4.000 euros para invertir en formación especializada en un centro de prestigio. La beca recayó en la ceramista **Loaira Pérez Pérez**, del taller **Raposiñas. Cerámica feita de vagar** (A Pobra do Caramiñal), que recogió el diploma acreditativo de manos de Leonor Beiroa. Con esta beca la Xunta busca potenciar el relevo generacional en el sector, el acceso de jóvenes talentos a la artesanía y su profesionalización.

## Artesanía de Galicia Awards 2020

**“With these awards, Xunta de Galicia seeks to showcase the continuous improvement by Galician artisans”**

The **2020 Artesanía de Galicia Awards** were held this past December at the San Francisco Hotel Monumento in Santiago de Compostela. As has been the case for much of 2020, it was an atypical ceremony that was no less emotional than the previous ones, being attended by those in the sector via a live streaming broadcast. Although the excitement and emotion of the event was limited being shared by enthusiasts online, it was still possible to honour the artistic skill, creativity, craftsmanship and talent of the Galician artisan sector.

With these awards, Xunta de Galicia seeks to showcase the continuous improvement by Galician artisans, as well as to praise the values of a key sector of the collective identity of Galicia, which also contributes to preserve its cultural heritage. The Artesanía de Galicia Awards contribute to enhancing the value of our craft trades, including sharing the work of professionals in society. The awards also promote creativity and encourage the attraction of talent, emphasizing on the incorporation of younger artisans through support for their specialised training. While at the same time boosting generational change while simultaneously promoting the introduction of innovation and design in the production processes.

